



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente núm./ Expediente nº: 4214/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe/ Resolución con número y fecha establecidos al margen

Procedemento/ Procedimiento: Contratacións/ Contrataciones

Dona Marta María Rouco Seoane, Alcaldesa do Concello de Vilalba, no uso das atribucións competenciais outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros preceptos análogos dispón o que segue:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO/ HECHOS Y FUNDAMENTOS DE DERECHO

Procedemento: Contratación pública mediante procedemento aberto simplificado abreviado

Expediente número: 4214/2024

Asunto: Resolución da Alcaldía aprobando o procedemento de contratación de obras mediante o procedemento aberto simplificado abreviado

Servizos de: Contrato de obras de “**Ahorro y eficiencia energética en los vestuarios del Pabellón Deportivo de Vilalba**”.

Á vista da orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aso concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.4 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. Código de procedemento PR486B (DOG núm. 32, do 14 de febreiro), a directora xeral de Administración Local, por delegación do conselleiro de presidencia, Xustiza e Deportes resolveu asignarlle ao Concello de Vilalba unha achega de 60.000,00€ para o proxecto denominado “**ahorro e eficiencia enerxética nos vestiarios do Pavillón Deportivo de Vilalba**”

Vista a memoria de Alcaldía onde se xustifica o contrato a celebrar polo Concello nos termos no artigo 28 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP, no sucesivo) , tal e como exige o artigo 116.1 da citada norma.





Visto o Informe de Secretaría número 2024-0241 de data 13/08/2024, onde se informa favorablemente, ás pretensións contractuais descritas na memoria xustificativa.

E á vista do expediente de contratación tramitado:

Cualificación xurídica do contrato	obras
Procedemento de contratación:	Aberto Simplificado abreviado
Obxecto do contrato	“Ahorro y eficiencia energética en los vestuarios del Pabellón Deportivo de Vilalba”
Código CPV	45261213 Colocación de cubiertas metálicas 45331200-8 Trabajos de instalación de ventilación y aire acondicionado
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	54.543,56€
Valor estimado do contrato	45.077,32€
Duración da execución	2 meses

Vista a proposta de resolución PR/2024/1358 de 14 de agosto de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 14 de agosto de 2024./ Vista la propuesta de resolución PR /2024/1358 de 14 de agosto de 2024 fiscalizada favorablemente con fecha de 14 de agosto de 2024.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

RESOLUCIÓN

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, despois de efectuadas as comprobacións oportunas, e tendo en conta a proposta efectuada polo concelleiro correspondente, esta Xunta de Goberno Local, en virtude da competencia que lle foi delegada mediante decreto da alcaldía nº 435 de data 30/06/2023, de delegación de competencias neste órgano, por unanimidade, acorda:





PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, para o contrato de obras de “**Ahorro y eficiencia energética en los vestuarios del Pabellón Deportivo de Vilalba**”, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares así coma os pregos de prescricións técnicas.

TERCEIRO. Tomar razón do certificado de existencia de crédito efectuada polo órgano Interventor na seguinte aplicación orzamentaria, así como proceder á retención dos referidos créditos.

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe
2024	342/632	54.543,56€

CUARTO. Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SÉTIMO. Non designar mesa de contratación, e consignar a apertura da documentación relativa á licitación á unidade técnica composta polos técnicos adscritos á área de contratación administrativa, aos efectos da automatización da baremación das ofertas mediante a folla de cálculo creada ao efecto.

OITAVO. Finalizado o prazo de presentación de proposicións, procederáse á apertura das proposicións e á súa valoración.

NOVENO. Efectuada a valoración das proposicións e a proposta de adxudicación, comprobarase no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, que o adxudicatario proposto cumpre cos requisitos necesarios de capacidade e procederáse á adxudicación do contrato.

DÉCIMO. Dar traslado da presente acordo os servizos responsables da súa tramitación

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A alcaldesa do Concello de Vilalba, Dona Marta María Rouco Seoane.





Concello de Vilalba

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 3671/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0543, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE

